



BASES CURSOS DE NATACIÓN 2023

1. Obxecto

Os cursos de natación, son unha iniciativa de atención á infancia e adultos que ofrece a posibilidade de aprender a nadar e/ou perfeccionar a técnica de nado. Esta proposta ponse en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a mellora da técnica de nado e para conciliar. Os cursos de natación son independentes do programa concilia de verán.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan a partir de 4 anos de idade (inclusive).

3. Desenvolvemento das actividades

A actividade desenvolverase co seguinte cronograma:

1º MES : Do 4 ao 28 de xullo

2º MES : Do 1 ao 31 de agosto

Os cursos de xullo levaranse a cabo de martes a venres e dividiranse en 6 grupos cos seguintes horarios* :

GRUPO 1: De 11:00 a 11:40 am

GRUPO 2: De 11:40 a 12:20 pm

GRUPO 3: De 12:20 a 13:00 pm

GRUPO 4: De 13:00 a 13:30 pm

GRUPO 5: De 13:30 a 14:00 pm

GRUPO 6 (ADULTOS): 15:00 a 15:40 pm

Os cursos de agosto levaranse a cabo de martes a venres e dividiranse en 5 grupos cos seguintes horarios* :

GRUPO 1: De 11:00 a 11:40 am

GRUPO 2: De 11:40 a 12:20 pm

GRUPO 3: De 12:20 a 13:00 pm

GRUPO 4: De 13:00 a 13:40 pm

GRUPO 5 (ADULTOS): 15:00 a 15:40 pm

Lugar: Piscina municipal de Vila de Cruces

*Horarios: Poderán sufrir variacións según número de usuarios/as. Antes de comezar; comunicarse previamente aos usuarios/as do horario fixo.

* Transporte: Nos cursos de natación 2023 NON hai opción a transporte; só existe esta opción no caso de acudir ao concilia 2023 ou ter os cursos de natación como actividade

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





complementaria. Para que este servizo se leve a cabo precísase un mínimo de 10 solicitudes de transporte.

4. Solicitudes

A solicitude presentárase no formulario normalizado que figura como Ficha de inscrición infantil (de 4 a 12 anos); ficha de inscrición adultos (a partir de 13 anos), e que estará dispoñible nas dependencias do Concello, ou na web www.viladecruces.es.

Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou titor-a legal. (no caso dos nenos-as de 4 a 17 anos)
- b) Fotocopia do DNI do usuario/a.

O concello comprobará de oficio o empadramento das persoas solicitantes. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

5. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes para os cursos de natación do mes de xullo comezará o 15 de maio ata o 22 de maio ás 14:00h.

O prazo de presentación das solicitudes para os cursos de natación do mes de agosto comezará o 12 de xuño ata o 19 de xuño ás 14:00h.

Prazas limitadas. Cubriranse as prazas por orde de inscrición, tendo preferencia os/as empadroados/as. No caso de quedar algunha praza vacante poderanse entregar as solicitudes fora de prazo. As solicitudes deberanse presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.

6. Prezo

O prezo dos cursos de natación será o seguinte:

Mes de xullo: 25 euros/ persoa.

Mes de agosto: 25 euros/ persoa.

Nos cursos de natación non hai quincenas só é mes completo.

O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do participante. No caso de non formalizar o pagamento no tempo e forma indicados producirase a baixa nos cursos de natación.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





7. Procedemento de concesión de prazas.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 1 día hábil, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición. A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo o seguinte orde de preferencia:

- 1º.- Nenos/as e/ou adultos que estean empadroados-as no Concello de Vila de Cruces.
- 2º.- Orde de inscrición.

8. Publicación da listaxe de admitidos no servizo.

A listaxe de admitidos/as publicarase no taboleiro de anuncios ; no facebook e na web do Concello de Vila de Cruces.

9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

As persoas que se inscriban son conscientes de que o nome e apelidos serán publicados en ditos medios non podendo reclamar ao Concello de Vila de Cruces pola difusión da listaxe de admitidos/as.

11. Traslado dos nenos/as entre o concilia e os cursos de natación.

Aqueles nenos/as que estean admitidos no concilia e nos cursos de natación serán trasladados polos monitores para realizar ambos servizos (non será necesario que

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





acudan os pais/nais para o traslado dos nenos/as do concilia aos cursos de natación).

O alcalde; Luis Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492

Cod. Validación: 7WNHP6LG7HZE4L7XR5FAZGTXK
Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

